

03.02.2016

# A XUNTA DE GALICIA APROBA OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O ANO 2016

As achegas destinaranse ao desenvolvemento da actividade deportiva ordinaria, á celebración das competicións oficiais, á actividade en idade escolar e a outros gastos e programas federativos, neste 2016



**Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2016.**- O Consello da Xunta de Galicia do día de hoxe viu de autorizar a sinatura pola secretaría xeral para o Deporte de 44 convenios de colaboración coas federacions deportivas de Galicia. Os convenios autorizados teñen por obxecto o financiamento para este 2016 da actividade federada (actividade ordinaria e competitiva, deporte en idade escolar, tecnificación deportiva, organización de eventos nacionais e internacionais e outros programas federativos).

En total, a autorización do Consello supón un compromiso de gasto para a secretaría xeral para o Deporte de 1.572.612 euros, que se veñen a sumar ao investimento que, para este mesmo exercicio 2016, o departamento de deportes da Xunta de Galicia xa tiña destinado ás federacions deportivas incluídas no programa Río 2016 (1.655.722 euros), así como unha partida de 194.000 euros destinada á mellora da seguridade nos rallyes galegos e á xestión e utilización deportiva do complexo náutico e campo de regatas de Verducido a través de convenios coas federacions correspondentes en cada caso.

Río 2016 creouse fai tres anos ca finalidade de garantir a máxima viabilidade dos proxectos de preparación olímpica das federacions deportivas cara a cita de Río 2016, autorizáronse a subscrición de convenios trianuais estas federacions. Coa incorporación de halterofilia, o ano pasado, o programa queda conformado por 15 federacions (piragüismo, taekwondo, remo, vela, atletismo, loita, xudo, natación, triatlón, ciclismo, tiro con arco, rugby, tiro olímpico, tenis e halterofilia). A sinatura destes convenios plurianuais permiten ás federacions centrarse na realización dos seus programas de promoción, tecnificación e alto rendemento durante o restante período de preparación olímpica (2016).

De forma anual a comisión de seguimento estuda e axusta estes convenios as necesidades que xorden cara ao novo ano olímpico. Unha das características do programa Río 2016 é recoller unha partida (137.979 euros) destinada aos 66 deportistas que están loitando, neste ano 2016, pola súa clasificación para os Xogos Olímpicos.

A medida aprobada hoxe permite á Secretaría Xeral para o Deporte executar para o 2016 unha das súas principais competencias, que é o apoio ao tecido deportivo de Galicia a través da colaboración coas súas federacions deportivas.

